



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de abril de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(276).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de abril de 2025.. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

2(277).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 278314/301.

Visto o informe xurídico de data 16/04/2025 e o informe de fiscalización do 21/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 24.02.2025 a Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude acordou iniciar o procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería, en coordinación co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola Xefa de Servizo de Benestar Social, o Xefe de Área e a Concelleira delegada o 24.02.2025 (trámite nº 5).
- Memoria económica, asinada o 24.02.2025 polo Xefe de Área e a Concelleira delegada (trámite nº 7).
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado o 20.03.2025 pola Xefa do Servizo e o Xefe de Área de Benestar Social (trámite nº 39).
- Anexos ó PPT I (custos laborais persoal SAF) e II (Acta acordos SAF Vigo), para os efectos do establecido no Art. 130 da LCSP (trámites núms. 40-41).
- Memoria Xustificativa para a contratación do servizo, asinada o 20.03.2025 polo Xefe de Área e a Concelleira delegada (trámite nº 42).
- Declaracións dos redactores do PPT, asinadas o 06.03.2025 (trámites núms. 18-19).
- Documentos económicos (RC e RCFUT), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 18.02.2025 (trámites núms. 12-13).
- Informe da xefa da Área de contratación e novos proxectos do 20.03.2025 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública (trámite nº 44).
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado pola xefa da Área de contratación e novos proxectos o 16.04.2025 (trámite nº 75).

I. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20.01.2012).
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar (DOG nº 22 do 02.02.2009).
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30.03.2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo (BOP nº 14 do 22.01.2010).
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo (2025).
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (Ordenanza nº 21 – SAF).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que ten por finalidade prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

A regulación específica deste Servizo estableceuse, con carácter xeral para a CA de Galicia, na Orde do 22 de xaneiro de 2009, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* (DOG nº 22 do 02.02.2009) e, no ámbito do Concello de Vigo, no vixente Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, aprobado polo Pleno da Corporación o 28.09.2009 (BOP nº 14 do 22.01.2010).

III.2. O presente contrato figura na planificación da contratación da Área de Benestar Social para este exercicio e está incluído no Plan anual de contratación 2025, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27.12.2024 (Exp. nº 7031/241).

III.3. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, da Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO nº 133, do 09.07.2024) e o Acordo da XGL do 28.06.2024, Apdo. Terceiro, Pto.6; BOPPO nº 134, do 10.07.2024). A Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, en Resolución do 24.02.2025, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.4. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da xefa da Área de contratación e novos

proxectos do 20.03.2025 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.5. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A data prevista de inicio do novo contrato é o 01.12.2025.

III.6. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 88.859.377,12€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Art. 22 LCSP). O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.H, 1.I, 1.J e 1.K das FEC).

III.7. O seu orzamento base de licitación ascende a 49.507.367,25 € (IVE a soportar pola Admón. = 1.904.129,51€) e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 (*“Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)”*) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.

III.8. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente incorporarase o certificado de existencia de crédito, como así consta xa nos documentos de Contabilidade anexados ós trámites núms. 12 e 13 (RC 12025000020061 e RC_FUT 12025000020149) e a Intervención xeral municipal deberá fiscalizalo antes da súa aprobación.

III.9. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 39) cos Anexo I e II de persoal (trámites núms. 40-41), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 75), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 12-13) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (49.507.367,25€, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais (*“Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)”*) e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2025: 1.375.204,65€.
- Ano 2026: 16.502.455,75€.
- Ano 2027: 16.502.455,75€.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- Ano 2028: 15.127.251,10€.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(278).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS AUTOBOMBAS NODRIZA, DOUS VEHÍCULOS 4x4, UN VEHÍCULO 4x4 TODO TERREO E UN FURGÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 7209/213.

Visto o informe de fiscalización de data 21/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 16/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de bombeiros (7209-213) (emenda de documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de bombeiros (7209-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de febreiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de dúas auto-bombas nodriza, vehículo todo terreo, vehículo de prevención, vehículo de xefatura e furgón traslado de persoal para o parque central de teis do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de novembro de 2024.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 22 de xaneiro de 2025.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 965.000,00 euros, do que 167.479,34€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606240000 "Adquisición vehículos" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 20 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de bombeiros (7209-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	INCIPRESA	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, o día 21 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o 31 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 10 de abril de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a INCIPRESA para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia técnica e profesional e aos anexos IV e V do PCAP. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social e o poder de representación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (558.264,46 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (675.500,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade. Asemade presentan:
 - Certificado actualizado de conformidade da produción en vigor da Unidade Certificadora do Automóbil (UCA) emitido polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
 - Certificado acreditativo que permite comprobar que o adxudicatario dispón dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido para o deseño, fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios ISO 9001 e 14001.
- AvalA por un importe de 39.850,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INCIPRESA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INCIPRESA, de acordo co acordo da Mesa de Contratación, de data 20 de marzo de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INCIPRESA o procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de bombeiros (7209-213) por un prezo total do contrato de 964.370,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 167.370,00 euros e coas seguintes condicións:

- a) *Amplíase o prazo da garantía dos vehículos en 2 anos o que supón un total de 5 anos de garantía.*
- b) *Propón como tempo de resposta en caso de avarías polo período completo da garantía:*
 - *Resposta en caso de avaría en menos de 24 horas calquera día do ano.*
- c) *Propón un mantemento preventivo por un período de 5 anos coa seguinte periodicidade:*
 - *Mantemento preventivo cada ano.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(279).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. EXPTE. 2040/441.

Visto o informe de fiscalización de data 22/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 16/04/2025, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de remodelación da avenida de Madrid (2040-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de remodelación da avenida de Madrid (2040-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e conformado polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 29.08.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 16.10.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de CENTO DOCE MIL SEISCENTOS EUROS con DEZAOITO CÉNTIMOS” (112.600,18 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 19.542,18 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.91, proxecto de gasto 23153291, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	12.457,33 €
2025	80.428,70 €
2026	19.714,15 €

--	--

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 645,63 % e para a terceira anualidade nun 158,25 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento a ATENEA, SAU, por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ao non presentar xustificación ningunha no prazo concedido, a tal efecto, pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 6 de marzo de 2025, consonte o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións da Área de Fomento o 18 de marzo de 2025.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de remodelación da avenida de Madrid (2040-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CÍES ATLÁNTICO, SLU	89,20
2	BUREAU VERITAS SOLUTIONS IBERIA, SLU	81,70
3	INCOPE CONSULTORES, SL	81,40
4	ELETREINTAYUNO	80,72
5	AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, SL	80,17
6	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL	72,59

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5.F) do Anexo I (FEC) do PCAP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, SLU, o día 31 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida os días 3, 7 e 8 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, na que figura o nomeamento do representante e os estatutos xunto co DNI do representante.
- O certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (67.560,11 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (67.560,11 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Xustificante de ingreso por importe de 3.815,38 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CÍES ATLÁNTICO, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CÍES ATLÁNTICO, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de febreiro e 18 de marzo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de ATENEA, SAU acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de marzo de 2025, por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ao non presentar xustificación ningunha no prazo concedido, a tal efecto, pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 6 de marzo de 2025, consonte o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións da Área de Fomento o 18 de marzo de 2025.

Segundo.- Adxudicar a CÍES ATLÁNTICO, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de remodelación da avenida de Madrid (2040-441) por un prezo total do contrato de 92.332,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.024,59 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(280).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)” - PSTD CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS: PRTR – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU. EXPTE. 2088/441.

Visto o informe de fiscalización de data 15/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 10/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” - PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2088-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” - PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2088-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)” - PSTD CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION_EU”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL NOVECIENTOS UN EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (435.901,22 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	43.590,00 €
2025	392.311,22 €
TOTAL	435.901,22 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 19.11.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 4320.619.0000 (obras litoral, sist. iluminación, humanización) - proxecto de gasto 24432050- por importe de 43.590,00 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 4320.619.0000 crédito por importe de 392.311,22 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 900,00%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 19 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a NAROM, SL, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 6 de marzo de 2025.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” - PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2088-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL	92,68
2	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU	82,66
3	ORECO BALGON, SA	73,25

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, o día 20 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida os días 27 e 31 de marzo, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa declaración de vixencia dos datos do rexistro, no que consta o obxecto social, o poder de representación, as clasificacións da mercantil e os certificados positivos de débedas coa AEAT, TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo VI do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G, subgrupo 6, categoría 1 e Grupo E, subgrupo 1, categoría 1) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 6, categoría 4 e Grupo E, subgrupo 1, categoría 4.
- Seguro de caución por un importe de 75.652,28 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP). Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 17 de febreiro de 2025 e 12 de marzo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de NAROM, SL acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 13 de marzo de 2025, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificados, porque non se cumpren os requisitos para consideralos xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 6 de marzo de 2025

Segundo.- Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” - PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (2088-441) por un prezo total do contrato de 379.146,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 65.802,35 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(281).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE BEMBRIVE. EXPTE. 25103/332.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/04/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Antecedentes:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de abril de 2021, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) de Bembrive (expediente 25103/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 20/04/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 21/04/2021 que rexen a licitación, maillo gasto por importe de 1.377.534,16 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación do contrato: En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive, a Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de xullo de 2021 acordou adxudicar á COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (B-36.626.109) o procedemento para a xestión da EIM "Bembrive" por un prezo total de 1.377.534,16 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto do 10,09% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G das FEC e coas seguintes propostas: Incrementar as horas de adicación do servizo de orientación familiar de 15 horas semanais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/04/2021 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido."

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

"A) PRAZO TOTAL: 4 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: un ano de duración"

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 26 de agosto de 2021 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (COLEGIO LOS MILAGROS S.L.), establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do 1 de setembro de 2021. Contémplase unha prórroga dun ano de duración.”* En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de agosto de 2025.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 9 de abril de 2025, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal “Bembrive”, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive por parte da empresa adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/09/2025 e o 31/08/2026.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado polo importe de 1.238.540,96 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 309.635,24 euros.

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 309.635,24 euros, exenta de IVE, co seguinte desglose por exercicios orzamentarios: 112.594,64 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 1 de setembro ao 31 de decembro) e 197.040,60 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 1 de xaneiro ao 31 de agosto); este gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive).

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previa conformidade da Asesoría Xurídica e informe da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (expte. 25103/332) para o período comprendido entre o 01/09/2025 e o 31/08/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 309.635,24 euros correspondente á prórroga do contrato, a favor de Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109. Este gasto imputarase con cargo aos seguintes exercicios da aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive):

- Exercicio orzamentario 2025 (do 1 de setembro ao 31 de decembro): 112.594,64 euros
- Exercicio orzamentario 2026 (do 1 de xaneiro ao 31 de agosto): 197.040,60 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(282).- DECLARAR DESERTA A “CONVOCATORIA DE AXUDAS- INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX”. EXPTE. 21158/77.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 01 de xuño de 2023 adoptou en expte 20085/77 o acordo de aprobar o proxecto denominado Obradoiro de Emprego Vigo Capacita IX e a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (corrixido en data 21/07/2023 a requirimento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOC. 230208468). Na solicitude de subvención incluíase, e acordo co establecido no artigo 15 da Orde do 21 de abril de 2023, a solicitude de **20** incentivos á contratación de alumnado do obradoiro dual de emprego polo importe de **30.000** euros, co obxecto de promoción da inserción laboral das persoas participantes no Obradoiros dual de emprego.

II. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia mediante Resolución do Xefe territorial de Vigo de data 16 de outubro de 2023, concede ao Concello de Vigo a subvención para a posta en marcha do Obradoiro de Emprego Dual Vigo Capacita IX. No punto 1.4 do anexo á resolución de concesión da subvención se recolle o importe correspondente para os incentivos á contratación laboral do alumnado-traballador do Obradoiro. Os incentivos concedidos foron para 20 contratos polo importe total de 30.000 euros (1.500 euros por persoa).

III. No artigo 15.2 da ORDE do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023,

establécese o seguinte “O obxecto dos incentivos á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego. No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación, deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas para ocupacións do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego.”

IV. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 08/11/2024 acordou, entre outras, aprobar a Convocatoria dos Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro dual de Emprego “VIGO CAPACITA IX” (expdte. 21158-77). O extracto da convocatoria das devanditas axudas publicouse no BOPPO nº 236 do 04 de decembro de 2024, e durante os seguintes cinco días hábiles abriuse o prazo de achega de solicitudes.

V. A prazo de presentación de solicitudes para os incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro dual de Emprego “VIGO CAPACITA IX” rematou o 12/12/2024 e non houbo ningunha solicitude dos devanditos incentivos.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Estamos ante a resolución dun procedemento de outorgamento de subvencións convocado polo procedemento de concorrència competitiva, cuxa resolución está prevista nos arts. 25 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 23 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No presente caso o procedemento finalizará coa declaración de deserto, por canto non foron presentadas solicitudes de axudas.

III. ÓRGANO COMPETENTE

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia, previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

ÚNICO: Declarar DESERTA a presente CONVOCATORIA DE AXUDAS - INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX”, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 08/11/2024.

A presente declaración deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

Contra a presente resolución cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(283).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2025. EXPTE. 13676/224.

Visto o informe xurídico do 10/04/2025 e o informe de fiscalización do 22/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/04/2025, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc.) do Concello de Vigo, constituídas legalmente como tales, para a realización de programas de promoción das mulleres desde o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero, e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser neces-

ario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

En relación cos programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.500,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito indicado é lixeiramente superior ao inicialmente previsto (91.000,00 €) e que está incorporado na liña estratéxica 4.8 “Actividades de defensa da igualdade de xénero” do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 (PES) do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. De acordo co establecido no punto NOVENO do PES, “non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.

Este servizo xestor informa que a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas son os previstos no PES. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero, cuxos obxectivos son, entre outros:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de programas en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, pois, con carácter xeral, fomentan a participación feminina, especialmente, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, de maneira especial, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde e benestar das mulleres, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social; e con carácter particular, atenden as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Empoderamento e liderado, Emprego e formación, Contra a violencia de Xénero e Promoción da saúde e o benestar.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrência, obxectividade e transparencia.

Nas bases reguladoras destas subvencións non se establece a obriga de xustificar as axudas concedidas coa acreditación do pagamento dos xustificantes dos gastos. Isto ven motivado, por unha banda, pola escasa contía das axudas que se conceden ao abeiro desta convocatoria e, por outra banda, pola insuficiente capacidade económica das entidades non lucrativas de carácter social que concorren. Tal e como se establece no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permítese a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria destas subvencións é a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na

materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2025; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025 e os seus anexos I a VI, incorporados ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025 e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), e que se remitarán á Base de Datos Nacional de Subvencións en base ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros), que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base, nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente, na prevención e combate



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero, e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, no seu art. 25, que “o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”. O parágrafo 2 do citado artigo dispón que “o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias... o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero”.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. O seu artigo 21 establece que “as entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto de administracións públicas”.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia sinala, no seu artigo 20.2.f), como un dos criterios de actuación, en aplicación do principio de transversalidade da dimensión de xénero, “o fomento da participación efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias para o seu empoderamento ao longo de todo o seu ciclo vital e en todas as áreas de actuación pública. En particular, fomentárase o asociacionismo das mulleres, a dinamización do tecido asociativo e a creación de redes”.

Para lograr a participación social plena das mulleres a través do seu empoderamento e incrementar a súa presenza nas esferas de decisión e influencia en todos os ámbitos, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 establece como prioridades de actuación: apoiar o empoderamento individual e colectivo das mulleres, impulsar o acceso das mulleres ás esferas de decisión e potenciar o seu liderado, e visibilizar as contribucións das mulleres nos distintos eidos.

Entre as competencias que, en materia de Igualdade, ten delegadas a Concellería de Igualdade atópase a de potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.500,00 euros, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de

Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero, cuxos obxectivos son, entre outros:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, pois, con carácter xeral, fomentan a participación feminina, especialmente, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, de maneira especial, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde e benestar das mulleres, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero, e o fomento da participación social. Con carácter particular, atenden as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de Xénero e Promoción da saúde e o benestar.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrência, obxectividade e transparencia.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

1) Finalidade e período de realización das actividades subvencionables

Estas subvencións teñen por obxecto contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de xénero e Promoción da saúde e o benestar.

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas, fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas exclusivamente á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como programas con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural ou artístico dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.

9.- Organizar actividades de ocio para mulleres que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, redunden no seu benestar físico e psíquico e fomenten a participación e as relacións entre elas.

10.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de contidos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

Ámbito territorial

O ámbito territorial das actividades desenvolvidas polas entidades será o termo municipal de Vigo.

II) Persoas destinatarias das actividades subvencionadas

Cando se trate de actividades de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e da igualdade de oportunidades, poderán incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado I)3.- desta base, poderanse subvencionar programas dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a organización e o desenvolvemento do programa obxecto de subvención. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período subvencionable.

I. Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, que sexan contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Con carácter xeral, non será subvencionable ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás nos seguintes casos:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do programa. Xustificarase mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Estes gastos só serán subvencionables no caso de persoal encargado da coordinación da actividade subvencionada, sempre que se xustifique a súa necesidade e co seguinte límite: poderá imputarse como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do programa dunha única persoa encargada da coordinación. Xustificarase mediante nóminas.

c) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada (agás os gastos de alugamento do local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade subvencionada e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

II. Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos do persoal encargado da coordinación co límite establecido no apartado I. b.2), só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do programa subvencionado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás, no caso destes últimos gastos, que o Servizo de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que sexan necesarios para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Tal e como se establece no apartado 3 da base oitava, o importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, co límite de 3.000 euros de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refiren as presentes bases, por programa subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima de subvención que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 euros, agás os casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000 euros.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o programa subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das axudas non poderá superar o custo do programa subvencionado, no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17

de novembro, xeral de subvencións, para os supostos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidas nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente e capacidade para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) As solicitudes con programas que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo.
- e) As solicitudes con programas que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo. Quedarán excluídos tanto os programas que xa estean en execución como os que os distintos departamentos municipais prevexan aprobar durante o período subvencionable.
- f) As solicitudes con programas que se vaian realizar nos centros de ensino que, a xuízo da Comisión de Avaliación, dupliquen os contidos ou afecten á boa marcha dos programas municipais a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero que se ofertan a todos os centros de ensino da cidade.
- g) As solicitudes con programas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- h) As solicitudes con programas de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- i) As solicitudes con programas que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- j) As solicitudes con programas que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- k) As solicitudes con programas que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.
- l) As solicitudes con programas que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.
- m) As solicitudes con programas que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declarararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000 euros, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán atoparse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan ao órgano instrutor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das que resulten destas bases, as que seguen:

1.- Levar a cabo a actividade subvencionada na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

A entidade ten a obriga de solicitar previamente a aceptación municipal de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o programa subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo Concello. Non se aceptarán modificacións que afecten á valoración do programa

subvencionado segundo os criterios recollidos na base sétima. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

2.- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención (artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Tanto nos actos públicos como en todo o material de difusión que se elabore, incluídas notas de prensa e formatos específicos para redes sociais, debe facerse mención expresa da colaboración do Concello de Vigo facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a leña “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

3.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

4.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexistas en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento das actividades do programa subvencionado.

5.- Utilizar imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

6.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

8.- Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e realización das actividades do programa subvencionado.

9.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de todas as actividades do programa subvencionado que realicen, así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.

10.- Aboar as taxas, impostos, seguros, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades obxecto da subvención.

11.- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades subvencionadas será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. O Servizo de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, deberá actuarse conforme á Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

12.- Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade subvencionada, que permita dar cumprimento aos requisitos de información de realización e de resultados previstos nestas bases. As entidades beneficiarias deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información necesaria sobre as persoas participantes en cada unha das actividades subvencionadas e os resultados obtidos, que deberán incluír na Memoria final



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

que se achegue na xustificación da subvención concedida (ver sistema de xustificación na base décimo sexta, apartado 3.d).

No caso de cursos, xornadas e similares, a entidade beneficiaria deberá crear e conservar rexistros das asistencia firmados polas persoas participantes.

13.- Cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto, o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

As entidades beneficiarias serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no punto anterior, para o cal solicitarán o seu consentimento explícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

14.- Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, nacionais ou internacionais, así como calquera outra modificación das circunstancias que no seu día foron tidas en conta para a concesión da axuda. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

15.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do programa. Ata un **máximo de 16 puntos**, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

a) Adecuación e eficacia das actividades do programa para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula I) da base primeira.

- b) A capacidade da entidade de mobilizar a poboación destinataria da acción.
- c) O deseño dos contidos, metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do programa.
- d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os programas que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do programa presentado.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do programa. Ata un **máximo de 15 puntos**, a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados:

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio programa. Que a totalidade das actividades propostas no programa teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.
- b) Que o programa incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- c) Que quede acreditado que o persoal presentado para o desenvolvemento do programa con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- d) Que o programa estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres con discapacidade, colectivo LGTBI..., ou que o programa teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.
- e) Que o programa teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuícultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- Impacto, sostibilidade e innovación. Ata un **máximo de 8 puntos**, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos dous seguintes subapartados:

- a) Que o programa recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro programa no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.
- b) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

4.- Por recoller o programa algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o programa presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, arte, historia, ciencia, tecnoloxía, etc.
3. Elaborar estudos, investigacións, informes... sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.
4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.
5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.
2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.
3. Pór en valor os traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.
3. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como sobre a normativa en materia de igualdade.
4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.
2. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.
3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.
4. Sensibilizar á poboación na repulsa da violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

F) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.
2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.
3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.
4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 7 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 7 puntos a aquelas entidades que en data 1/01/2025 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 anos e menos de 20 anos de participación: 5 puntos
- f) Con 20 anos e menos de 24 anos de participación: 6 puntos
- g) Con 24 ou máis anos de participación: 7 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola súa representante conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento do programa obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos programas terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

1.- A contía da axuda concedida a cada beneficiaria determinarase en función da dispoñibilidade orzamentaria (91.500,00 euros), o custo do programa, o importe solicitado e a puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración definidos nestas bases.

2.- O importe total máximo destinado a estas subvencións (91.500,00 euros) distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada por cada unha delas no proceso de avaliación, que se realizará de acordo cos criterios previstos na base sétima.

3.- Establécese a contía de 3.000 euros como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e por programa. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os programas que consigan unha axuda superior a 3.000 euros quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes.

No caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, co límite de 3.000 euros de contía máxima por programa.

4.- O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados na base primeira. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola súa representante legal.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede

pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace: <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo, e propondrá ao órgano competente a denegación das subvencións solicitadas fóra de prazo.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Documentación obrigatoria:

Para poder optar ás axudas reguladas por estas bases, as entidades deberán achegar en prazo a seguinte documentación obrigatoria:

- a) ANEXO I SOLICITUDE. Solicitude asinada pola súa representante.
- b) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA. Programa de actividades para o que a entidade solicita a subvención, asinado pola súa representante. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.
- c) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA. Orzamento desagregado de ingresos e gastos do programa, que debe estar equilibrado e vir asinado pola representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.

- d) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE. Esta declaración responsable deberá estar asinada pola/o secretaria/o e pola representante da entidade. Con ela acreditaranse, entre outros, os seguintes puntos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo programa (apartado 3).
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social (apartado 5).

e) Memoria das actividades a favor das mulleres que a entidade desenvolveu durante o ano 2024, e que deberá vir asinada pola súa representante.

f) CIF da entidade.

g) Certificación bancaria, expedida no ano 2025, da conta a nome da entidade solicitante na que será ingresado o importe da subvención concedida.

h) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de cursos, obradoiros, xornadas, charlas e similares.

i) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do persoal presentado para o desenvolvemento da actividade formativa no caso de que o programa incorpore contidos formativos en materia de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares).

Documentación opcional:

As entidades poderán achegar a seguinte documentación, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do persoal presentado para o desenvolvemento do programa.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención.

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O Servizo de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar nesta convocatoria considere necesaria, así como que se complemente a información facilitada pola entidade para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte o establecido no artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos nas presentes bases, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

As bases reguladoras e a convocatoria, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos programas subvencionados.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade é o encargado da instrución do procedemento para a concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

De conformidade co disposto na base sétima, a Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención de cada un dos programas presentados.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión emitirá un informe relacionando os programas presentados, indicando a puntuación asignada a cada un deles de xeito motivado, e levantarase unha acta que reflicta as deliberacións e acordos da Comisión para a súa elevación ao órgano instructor.

O Servizo de Igualdade, como órgano instructor, en base ao informe da Comisión, formulará unha proposta de resolución de concesión e denegación das subvencións solicitadas, que será elevada á Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para resolver a concesión e denegación das axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación de solicitudes (artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A resolución notificarase ás entidades solicitantes no prazo de 10 días a

partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da LPAC. Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrència competitiva, poderá substituírse a notificación pola publicación da resolución na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación da subvención concedida no prazo máximo de 15 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar á subvención concedida por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiras persoas a actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención deberá documentarse na conta xustificativa do gasto realizado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria na que se deben incluír, baixo responsabilidade da declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

1.- Prazo de xustificación

As beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o **31 de outubro de 2025** (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que a xustificación presentada fora defectuosa e/ou incompleta, concederáse á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender o requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC, procederáse á revogación da subvención concedida e, no seu caso, á esixencia de reintegro da contía percibida e dos xuros de demora.

Se a entidade beneficiaria non presentase a xustificación da subvención concedida dentro do prazo establecido, actuarase segundo establece o artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada.

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria deberá presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe total igual ou superior á contía da subvención concedida.

Ademais, deberá xustificar o custo total final do programa subvencionado mediante unha das seguintes opcións:

- a) Certificación que acredite que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros (apartado 2 do anexo V Solicitude de pago), ou
- b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

3.- Sistema de xustificación

A teor do disposto no art. 81 do Real Decreto 887/2006, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establecen na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos,

informáticos e telemáticos (EIT) na xustificación das subvencións, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) ANEXO V SOLICITUDE DE PAGO. Deberá estar asinado pola/o secretaria/o e pola representante da entidade.

Coa sinatura deste anexo certifícase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o custo total reflectido neste anexo sexa inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar proporcionalmente a axuda concedida.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o programa subvencionado, con indicación do importe e da súa procedencia.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que esta foi ou será declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Que a beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro (art. 31.7.e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).
- Que a entidade está ou non exenta de presentar declaración polo IVE.

b) ANEXO VI MEMORIA ECONÓMICA. Deberá vir asinado pola representante da entidade.

Consiste nunha relación clasificada das facturas e xustificantes que achega a entidade para xustificar a axuda concedida, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número, data de emisión, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto e importe que se imputa á subvención. A suma dos importes relacionados neste anexo deberá ser igual ou superior á contía da subvención concedida.

c) As facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e xustificantes de gasto relacionados no anexo VI, que se achegarán asinados (electronicamente) pola representante da entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

As facturas achegadas, deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

1. Número e, no seu caso, serie
2. Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura
3. Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica emisora
4. Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación
5. Lugar e data de emisión
6. Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención

Non se poderá imputar á subvención o importe do IVE contido nas facturas achegadas salvo que a entidade declare que está exenta de presentar a declaración do IVE.

As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF. A entidade deberá presentar os xustificantes que acrediten o ingreso do IRPF en Facenda das retencións incluídas nas facturas achegadas, salvo que esas retencións no se imputen á subvención.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria deberá estar asinada pola persoa representante da entidade e nela figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación do programa subvencionado
- Breve resumo do programa
- Datás e lugares de realización das actividades
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades subvencionadas que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada unha
- Recursos humanos
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos
- Materiais de difusión empregados
- Nos cursos e xornadas de formación, así como en actividades de ocio e tempo libre, engadirase: programa formativo, número de horas e identificación das participantes e do/a monitor/a, cos seus nomes, apelidos e números de teléfono.
- Material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para material, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. A entidade achegará unha mostra do dito material para a súa comprobación polo Servizo de Igualdade.

f) Dúas unidades de calquera material cuxo gasto estea incorporado como gasto directo da axuda concedida, que non sexa susceptible de dixitalización, que deberá entregarse presencialmente no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

g) Acreditación da publicidade dada ao carácter público do financiamento do programa subvencionado. As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo.

h) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

En relación coa xustificación do pagamento do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente a presentación do documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

Os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa co programa subvencionado e imputados ao período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025. Non terá que constar de forma expresa que foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nestas bases.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Excepcionalmente, cando a beneficiaria teña que achegar arquivos multimedia para xustificar a subvención concedida, deberá presentar presencialmente na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAR) do Concello de Vigo o soporte informático (*pendrive*, etc.) que conteña os ditos arquivos.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda serán comprobadas polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.
- Incumprimento pola entidade beneficiaria das súas obrigas.

A subvención será compatible con calquera axuda concedida por administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003) .

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente será competencia da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 9 do anexo V).

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcialmente, o incumprimento por parte da beneficiaria das obrigas previstas nestas bases reguladoras, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación e a falta de xustificación da subvención

ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31. 5 da citada Lei).

Cando o incumprimento consista nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do programa presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou a súa redución na mesma proporción.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do programa subvencionado. No caso de superalo, procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade da resolución de concesión e denegación das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Nos casos do artigo 33 LSG, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros datos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025 e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. O recurso potestativo de reposición se entenderá como desestimado se transcorre o período de resolución sen recibir contestación.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2025

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo que realicen programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino”.

Establécese a contía de 3.000,00 euros como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e por programa. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os programas que consigan unha axuda superior a 3.000,00 euros quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de xénero e Promoción da saúde e o benestar.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- 2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas, fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.
- 3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas exclusivamente á poboación masculina.
- 4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- 5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como programas con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.
- 6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- 7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.
- 8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural ou artístico dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.
- 9.- Organizar actividades de ocio para mulleres que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, redunden no seu benestar físico e psíquico e fomenten a participación e as relacións entre elas.
- 10.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de módulos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a organización e o desenvolvemento do programa obxecto de subvención. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período subvencionable.

I. Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, que sexan contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Con carácter xeral, non será subvencionable ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás nos seguintes casos:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do programa. Xustificarase mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Estes gastos só serán subvencionables no caso de persoal encargado da coordinación da actividade subvencionada, sempre que se xustifique a súa necesidade, e co seguinte límite: poderá imputarse como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do programa dunha única persoa encargada da coordinación. Xustificarase mediante nóminas.

c) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada (agás gastos de alugamento do local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade subvencionada e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

II. Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos do persoal encargado da coordinación co límite establecido no apartado I. b.2), só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do programa subvencionado.

b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás, no caso destes últimos gastos, que o Servizo de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que sexan necesarios para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, co límite de 3.000,00 euros de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes das subvencións, por programa subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima de subvención que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 euros, agás os casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000,00 euros.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas bases reguladoras.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente e capacidade para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia,, e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) As solicitudes con programas que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo.
- e) As solicitudes con programas que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo. Quedarán excluídos tanto os programas que xa estean en execución como os que os distintos departamentos municipais prevexan aprobar durante o período subvencionable.

f) As solicitudes con programas que se vaian realizar nos centros de ensino que, a xuízo da Comisión de Avaliación, dupliquen os contidos ou afecten á boa marcha dos programas municipais a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero que se ofertan a todos os centros de ensino da cidade.

g) As solicitudes con programas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

h) As solicitudes con programas de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

i) As solicitudes con programas que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

j) As solicitudes con programas que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

k) As solicitudes con programas que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.

l) As solicitudes con programas que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.

m) As solicitudes con programas que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000,00 euros, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan ao órgano instrutor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrência, obxectividade e transparencia.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade é o encargado da instrución do procedemento para a concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión e denegación das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver a concesión e denegación das axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contado desde o último día de prazo de presentación de solicitudes. A resolución notificarase ás entidades solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación da resolución na páxina web (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a

Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Vigo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace: <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados nas bases reguladoras. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola súa representante legal.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Para a presentación da solicitude de subvención, as entidades deberán achegar a seguinte documentación:

Documentación obrigatoria:

e) ANEXO I SOLICITUDE. Solicitude asinada pola súa representante.

f) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA. Programa de actividades para o que a entidade solicita a subvención, asinado pola súa representante. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.

g) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA. Orzamento desagregado de ingresos e gastos do programa, que debe estar equilibrado e vir asinado pola representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.

h) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE. Esta declaración responsable deberá estar asinada pola/o secretaria/o e pola representante da entidade. Con ela acreditaranse, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo programa (apartado 3).
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- Que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social (apartado 5).
- i) Memoria das actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2024, e que deberá vir asinada pola súa representante.
- j) CIF da entidade.
- k) Certificación bancaria, expedida no ano 2025, da conta a nome da entidade solicitante na que será ingresado o importe da subvención concedida.
- l) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de cursos, obradoiros, xornadas, charlas e similares.
- m) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do persoal presentado para o desenvolvemento da actividade formativa no caso de que o programa incorpore contidos formativos en materia de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares).

Documentación opcional:

As entidades poderán achegar a seguinte documentación, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do persoal presentado para o desenvolvemento do programa.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención.

DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrência competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta das bases reguladoras, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do programa. Ata un máximo de 16 puntos, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Adecuación e eficacia das actividades do programa para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula l) da base primeira das bases reguladoras.
- b) A capacidade da entidade de mobilizar a poboación destinataria da acción.

c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do programa.

d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os programas que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do programa.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do programa. Ata un máximo de 15 puntos, a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados:

a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio programa. Que a totalidade das actividades propostas no programa teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.

b) Que o programa incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades (IO).

c) Que quede acreditado que o persoal presentado para o desenvolvemento do programa con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).

d) Que o programa estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres con discapacidade, colectivo LGTBI..., ou que o programa teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.

e) Que o programa teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- Impacto, sostibilidade e innovación. Ata un máximo de 8 puntos, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos dous seguintes subapartados:

a) Que o programa recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro programa no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.

b) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

4.- **Por recoller o programa algún dos seguintes obxectivos e accións.** Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o programa presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

G) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, da arte, da historia, da ciencia, da tecnoloxía, etc.
3. Elaborar estudos, investigacións, informes... sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.
4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.
5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

H) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.
2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.
3. Pór en valor os traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

I) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

J) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.
3. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como sobre a normativa en materia de igualdade.
4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

K) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.
2. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.
3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.
4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

L) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.
2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.
3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.
4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 7 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 7 puntos a aquelas entidades que na data do 1/01/2025 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 anos e menos de 20 anos de participación: 5 puntos
- f) Con 20 anos e menos de 24 anos de participación: 6 puntos
- g) Con 24 ou máis anos de participación: 7 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola súa representante conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento do programa obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos programas terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

A presente convocatoria e as bases reguladoras, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

A convocatoria e as bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concillería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos programas subvencionados.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concillería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

Extracto da convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publícanse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poden consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*”.

Establécese a contía de 3.000,00 euros como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e por programa. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os programas que consigan unha axuda superior a 3.000,00 euros quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a organización e o desenvolvemento do programa obxecto de subvención. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período subvencionable.

En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, sen superar a contía de 3.000,00 euros de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes, por programa subvencionado.

QUINTA.- BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que se establecen na convocatoria e nas bases reguladoras.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrência competitiva. A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrência, obxectividade e transparencia.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola convocatoria e as bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo.

9(284).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DA PRAZA DO SUBGRUPO A2- TÉCNICO/A MEDIO/A DE ARQUIVO, TRIBUNAL 2: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46185/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/04/2025, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas de persoal funcionario do grupo A, subgrupo A2 (persoal funcionario):

- 1 TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVO

II.- Segundo informe de verificación que obra no expediente:

“O Órgano de selección (Tribunal 2) encargado de xulgar as probas selectivas do proceso da OEP de estabilización de emprego público, subgrupo A2, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal funcionario, entre outros, ao seguinte aspirante:

*- Técnica/o medio de ARQUIVO.- RAMIREZ ABAL, B. (DNI: ***8624**)*

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 27/12/2024, marcando o inicio do prazo de 20 días naturais establecido nas bases da convocatoria para presentar a documentación esixida nela.

Posteriormente consta acta de sinatura dixital 18/03/2025 na que se realiza proposta definitiva de nomeamento, figurando o dito aspirante

A persoa aspirante proposta presentou a seguinte documentación:

- Técnica/o medio de ARQUIVO.- RAMIREZ ABAL, B. (DNI: ***8624**)

Documento 250040283, 21/02/2025

Presentación da seguinte documentación en rexistro presencial do Concello de Vigo, figurando no documento “xustificante rexistro” que a persoa interesada aporta documentación orixinal:

- Dni*
- Titulación Licenciado en historia*
- Declaración xurada asinada*
- Tarxeta sanitaria*

Documento 250040782, 21/02/2025

Mediante rexistro electrónico aporta certificado médico (documento electrónico incorporando código de verificación) no que consta como apto no posto técnico/a medio de arquivos.

Non achega certificado bancario, se ben os datos figuran en poder da administración por figurar de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

En relación coa titulación, de acordo co establecido nas bases específicas (BOPPO, 31 de maio de 2023, núm. 103), apartado 12 – técnico/a medio/a de arquivo:

“(...) os aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de de diplomado en traballo social, diplomado en filoloxía galega, diplomado en filosofía, diplomado en publicidade e relacións públicas, diplomado en periodismo, diplomado en comunicación audiovisual, diplomado en belas artes, diplomado en antropoloxía social e cultural, diplomado en pedagogía, diplomado en psicopedagogía, diplomado en educación social, grao rama ciencias sociais e xurídicas, rama arte e humanidades ou titulación equivalente así como formación específica en Biblioteconomía e Arquivo que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (...)*

No caso da documentación xustificativa do requisito de formación específica en biblioteconomía e arquivos, consta:

- Expediente 43765/220 (documento 240075465, 04/03/2025): Certificado de Universitat Oberta de Catalunya de “Máster universitario en gestión cultural UOC-UDG”, Título da UNED de “Especialista



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

universitario en archivística”, Certificado de Universitat Oberta de Catalunya de “Especialización en Experto en Herramientas Tecnológicas de Gestión Documental”, Diploma da UNED de curso de “Patrimonio cultural: diseño y gestión de proyectos”, Certificado da Universidade de Vigo de “Curso de formación en diseño, programación e administración de bases de datos”.

III.-Consta informe da técnica de avaliación e formación, segundo o cal constátase a existencia das seguintes vacantes:

“- Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe en relación coas prazas da OEP Estabilización – subgrupo A2, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constátase a existencia das seguintes vacantes:

- Posto 296 técnico/a medio arquivos, dotación 1, no Servizo Bibliotecas (334); vinculado á praza técnico/a medio de arquivos: Ocupado interinamente dende 13/01/2021 por B. Ramírez Abal con nº persoal 79600. ”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal funcionario; normativa de aplicación

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que "son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente", estableciendo que "en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

No presente caso, e vistos os antecedentes se acordarán os seus ceses como funcionarios interinos con carácter previo ao posterior nomeamento como persoal funcionario de carreira.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora

das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como funcionario interino na praza que ven ocupando interinamente dende o 13/01/2021 a:

- *B. Ramírez Abal con nº persoal 79600 e DNI: ***8624**).*

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo a praza que foi convocada polo sistema de concurso, en execución da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, a:

- **RAMIREZ ABAL, B. (DNI: ***8624**)** na praza convocada de **TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS (A2)** - Funcionario de Carreira - (Expte 44804-220)

A toma de posesión do persoal nomeado efectuarase dentro do prazo máximo de un mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

O cese acordado no apartado primeiro do presente acordo, xerará o seu efecto dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a toma de posesión da persoa nomeada como funcionaria de carreira.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(285).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 641/441.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

Visto o informe xurídico o 10/04/2025 e o informe de fiscalización do 15/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Unidade de mantemento de vías municipais, o xefe da Área de Servizos Xerais, o técnico de Administración Xeral e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de maio de 2021, entre outros asuntos acordou adxudicar á empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación do “SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO” (641-441).

II.- De acordo co indicado no apartado 4.a) das FEC recollidas no PCAP da licitación, o prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital, e así mesmo o apartado 4.c) indica a opción dunha prórroga dun ano de duración.

III.- Con data 10 de xuño de 2021 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa mercantil CIVIS GLOBAL, S. - L.U. (B-36.684.157), polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 10 de xuño de 2025.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de decembro de 2022, acordou o seguinte:

“1º.- Modificar o contrato mixto, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441), nos termos sinalados neste informe.

Esta modificación consiste na ampliación do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato debido ao deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación excede do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.200.000,00 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01, coa seguinte distribución de anualidades:

	<i>Importe IVA engadido</i>
2022	50.000,00 €
2023	1.150.000,00 €

Esta modificación representa un 14,29% do prezo do contrato.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

Esta modificación de contrato foi tramitada no expte. 6820-241.

V.- O 11 e 12 de marzo de 2025 os directores técnico de contrato e o responsable do contrato, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, Servizos e Deportes, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor “da detección dunha serie de incidencias e necesidades detectadas

nas infraestruturas municipais que superan o custo económico da anualidade, fan necesaria a disposición de crédito, xa que o custo económico de resolvelas en conxunto, xunto coas labores habituais de conservación supera o disposto na anualidade". Esta solicitude de modificación do contrato atópase actualmente en trámite no expte. 7087-241.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de catro anos coa previsión no seu apartado C) dunha única prórroga dun ano de duración.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben, a proposición da prórroga do contrato do "SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO", polo período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Cuarto.- Consta no expediente administrativo de referencia, o preaviso de prórroga notificado electronicamente á adxudicataria en data 06.02.2025 así como a súa conformidade á proposta de prórroga na mesma data (Tte. 831,832 e 848 do expediente dixital).

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 11.06.2025 ata o 10.06.2026, sendo que o importe do contrato anual ascende a un total de DOUS MILLÓNS CEN MIL EUROS (2.100.000,00 €) Ive engadido.

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01 "Contrato de mantemento de viais e espacios pub", segundo a seguinte distribución anual:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 11.06.2025 ata o 31.12.2025	1532.210.00.01	1.400.000,00 €
Do 01.01.2026 ata o 10.06.2026	1532.210.00.01	700.000,00 €
	TOTAL	2.100.000,00 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do “SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO” (641-441), formalizado coa entidade mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), polo período comprendido dende o 11.06.2025 ata o 10.06.2026.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato do “SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO” (641-441) en favor da entidade CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) por importe de DOUS MILLÓNS CEN MIL EUROS (2.100.000,00 €) Ive engadido; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01 “Contrato de mantemento de viais e espacios pub”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 11.06.2025 ata o 31.12.2025	1532.210.00.01	1.400.000,00 €
Do 01.01.2026 ata o 10.06.2026	1532.210.00.01	700.000,00 €
	TOTAL	2.100.000,00 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(286).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN “AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2025. EXPTE. 8824/104.

Visto o informe de xurídico o 28/02/2025 e o informe de fiscalización do 15/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/02/2025, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Festa da Brincadeira, na Vila de Bouzas, trátase dunha festa de gran arraigo na cidade que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconomicamente a Vila de Bouzas

Este programa estase a desenvolver pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (CIF G-27.851.070), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, “*os bens culturais (feitos históricos) da vila de Bouzas, transformándolos en festas gastronómicas e artesanais*”.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas está en condicións de organizar a Festa da Brincadeira 2025, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición se desenvolverá os días 9,10 e 11 de maio de 2025, coa instalación de postos de artesanía e gastronomía na praza da Vila de Bouzas.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal, fomentando acontecementos que promovan valores culturais, sociais e históricos.

Dende o ano 2012 se ven organizando a Festa da Brincadeira, sendo en 2019 cando pasa a ser competencia da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. O Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas asinan este convenio de colaboración á vista dos resultados moi satisfactorios acadados nas edicións anteriores. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 4320.4800004 prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa da Festa de Brincadeira 2025.

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 41.465,28 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 30.000,00 euros, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos.

De acordo coa Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na

Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a facultade de xestión da Festa da Brincadeira.

En data 31 de maio de 2024 se aproba en Xunta de Goberno Local a modificación do Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026: Liña estratéxica 5.8 eventos de promoción da cidade. (Expte.277/143) no que figura o concepto Brincadeira de Bouzas cun importe de 15.000€ na aplicación presupostaria 3380,4800004 . No ano 2025 figura na aplicación presupostaria 4320.4800004 da concellería de Turismo o concepto Brincadeira de Bouzas cun importe que varia a liña de actuación de 30.000€, si ben os conceptos seguen sin cambios polo que non é necesaria ningún tipo de modificación de acordo co establecido no punto noveno do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 aprobado en data 8 de marzo de 2024 que establece o seguinte: “Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado a concelleira delegada da Área de Política Social e Turismo, ao amparo da Resolución da Alcaldía de datas 19, 28 e 29 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias específicas do Alcalde área de goberno de Política social e Turismo

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira delegada de Turismo e Xuventude e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas CIF G-27.851.070, para a organización da Festa de Brincadeira 2025.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 30.000,00 euros(trinta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800004 (Brincadeira de Bouzas) do programa presupostario de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2025.

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona YOLANDA AGUIAR CASTRO, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL, TURISMO e XUVENTUDE do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, virtude DA Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades de xestión da Festa da Brincadeira.

Doutra, dona VANESA DOMÍNGUEZ TERLEIRO con D.N.I. 53.193.829-G, en calidade de presidenta da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas de Vigo, C.I.F. G-27.851.070 e enderezo social na plaza Vila de Bouzas, nº 2 Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9704/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que é o obxectivo deste Concello prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, ca consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade e en particular do Barrio Histórico de Bouzas, e polo tanto impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

Segundo.- A Festa da Brincadeira comenzo a celebrar no ano 2012 e rememora o importante papel que tivo Bouzas na expulsión das tropas francesas polo ano 1809. No ano 2019 é rexistrada e pasa a organizarse pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Terceiro.- A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (G27851070), inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co núm. 1362 en colaboración co Concello de Vigo, ven organizando desde o ano 2012 a Festa de Brincadeira, na vila de Bouzas, con gran éxito organizativo e aceptación entre a cidadanía e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao presuposto de ingresos e gastos recollidos no expediente deste convenio.

Cuarto.- A exclusividade do programa considérase acreditado na Memoria presentada pola entidade e que atópase recollida no expediente deste convenio.

Quinto.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800004 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 € (treinta mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para a organización da Festa de Brincadeira 2025. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren sigulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de gran arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

O custo económico adicional que soporten os distintos servizos municipais, non cuantificados na execución deste evento (auga, limpeza, subministro eléctrico, P. Civil, Policía Local, etc.) son gastos que están cubertos nos contratos vixentes con cargo aos respectivos créditos do presuposto xeral do Concello, así como a non suxeición á taxas da ocupación demanial pola súa consideración de especial interese ou utilidade municipal conforme ao establecido na ordenanza fiscal nº 30 deste Concello.

Sexto.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización da citada festa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e con fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración.

Sétimo.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Oitavo.- O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá aos previstos nos artigos 22.2 e 28.1 e concordantes da lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

Noveno.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

Décimo.- A Asociación amigos de la Historia de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9704/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a Festa da Brincadeira da asociación de Amigos de la Historia de Bouzas, entre os días 9,10 e 11 de maio de 2025 , o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da Festa da Brincadeira 2025, a celebrar os días 9,10 e 11 de maio de 2025 na praza da Vila de Bouzas, e que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconómicamente a vila de Bouzas

Segundo.- Presuposto e Financiamento

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gasto e ingresos do programa obxecto do convenio por un importe total de 41.465,28€, financiándose estes mediante as achegas de 30.000 € do Concello de Vigo,

Terceiro.- Proxecto da Festa da Brincadeira da Vila de Bouzas

Establécese o programa de actuacións conforme á memoria descriptiva presentada pola Asociación asinante, núm.- 250035958, de data 17 de febreiro de 2025, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesanais coincidentes coa finalidade do evento.

Cuarto.- Obrigas da asociación. Mecanismos de Asistencia Técnica

A asociación asinante comprométese a colaborar co Concello de Vigo en canto á organización da Festa da Brincadeira 2025, que terá lugar na praza da Vila de Bouzas os días 9,10 e 11 de maio de 2025, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

- 1º- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación que actuará como interlocutor final ante a Concellería. A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
- 2º- Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

3º- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º- Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e as súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*

5º- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá achegar un mínimo de 20 exemplares ao Concello dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do Servizo de Turismo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º- Coordinar co Servizo de Turismo do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación dun seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades.

10º- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

11º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

12º- En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontable e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, as respectivas declaracións responsables asinadas polos titulares dos postos conforme cumpren coas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais suposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurárase de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

13º- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado.

14º- Contratar os traballos de instalación eléctrica, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica.

15º- Estar en comunicación permanente co servizo de Turismo facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, APP, 010, RRSS, etc.)

16º- Presentarlle ao Servizo de Turismo a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto sétimo.

17º- Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Quinto.- Obrigas do Concello

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. Conceder directamente á Asociación Amigos de la Historia de Bouzas, unha subvención por importe de 30.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento da Festa da Brincadeira 2025 que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Turismo, na aplicación 4320.4800004(Brincadeira de Bouzas), do exercicio económico do 2025. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

3º - Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

4º- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento

5º- Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

6º- Colaborar na promoción dos eventos cos distintos medios de comunicación e difusión municipais

7º- Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de “especial interese ou utilidade municipal”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Sexto.- Pagamento da subvención

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A Asociación comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei)

O Concello xestionará o pagamento á Asociación polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme do Concelleiro da área de Turismo

O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES10.2080.5016.0030.4003.5126, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Non obstante a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de hasta o 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao art. 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a Asociación de Amigos de la Historia de Bouzas queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción das festas locais.

De conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público únicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- Xustificación da subvención

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2023, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período

obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

Oitavo.- Difusión do carácter público do financiamento e das actividades do programa

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo de Concello ademais das lendas indicadas polo Servizo de Turismo, en particular, no material gráfico editado, na páxina web nas presentacións públicas, actividades soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo con Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Turismo previamente ás impresións. Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende o Servizo de Turismo.

A difusión aos medios de comunicación de información sobre as actividades programadas (rodas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Turismo, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, RRSS...).

En consecuencia co establecido na vixente ordenanza da Normalización Lingüística do Concello, a información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Turismo do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Noveno.- Información

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral, Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.

Décimo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da

subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo Primeiro.- Mecanismos de coordinación, seguimento da subvención e do convenio. Unidade Xestora.

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Turismo nas propias actividades programadas.

Décimo segundo.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2025 e non será prorrogábel.

Décimo terceiro.- Modificación, denuncia, extinción e resolución de controversias

Calquera das partes asinantes poderá denunciar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración consulta, pero non así as obrigas contraídas neste.

A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

O convenio extínguese polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga
- b) O acordo unánime dos asinantes
- c) A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento da calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se previse.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto- Protección de datos de carácter persoal

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concelleiro de área de Política social, Turismo e Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

Décimo sexto. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

O Concello reservase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación das partes asinantes do convenio.

Décimo sétimo.- Participación dos colaboradores da asociación

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual o de calquera outra índole ente a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo oitavo.- Destinatarios e participación

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Décimo noveno.- Seguridade

A Asociación deberá cumprir estritamente o Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

Vixésimo .-

En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo primeiro.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Modificación do contrato do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación. expte. 7086/241

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

12(287).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS APARATOS ELEVADORES EN COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. Expte. 7086/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 24/04/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do Concello de Vigo (25.731-332) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do Concello de Vigo (25.731-332) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 28 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de

cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do Concello de Vigo (25.731-332).

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 6 de outubro de 2022 acordou adxudicar este contrato a SCHINDLER, S.A. cunha porcentaxe de desconto do orzamento base de licitación previsto no apartado 3.A da FEC do PCAP do 70,14 % o que supón un prezo de adxudicación de 38.240,63 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.636,80 euros.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 2 de novembro de 2022 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 3 anos, prevéndose dúas prórrogas de 12 meses de duración cada unha

Cuarto.- O 27 de marzo de 2025 a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación e da concelleira da Área de Goberno de Educación, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato *“ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Pintor Laxeiro”*.

Quinto.- Con data 3 de abril de 2025 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, D^a. Marisol Graña Bugallo e D. Juan Carlos Domínguez Díaz, en representación de SCHINDLER, S.A., manifestaron a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 16 de abril de 2025 (documento nº 250089683).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego contempla a modificación do contrato na cláusula 35 e no apartado 15. O citado apartado regula a modificación como segue:

- A) *"ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*

- B) ASPECTOS A MODIFICAR: o incremento ou diminución das labores mantemento
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: o incremento ou diminución do número ascensores a manter
- D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 10% do prezo do contrato
- E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan"

O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP recolle o prezo unitario que será de aplicación no suposto de modificación do contrato ("a efectos da modificación do contrato, fixase como prezo unitario anual do mantemento de cada ascensor 1.680 €. A este prezo descontaráselle a porcentaxe de redución do prezo do contrato ofertada polo adxudicatario")

A modificación obxecto deste informe solicítase polo Servizo de Educación mediante informe asinado o 27 de marzo de 2025 pola xefa do Servizo de Educación (responsable do contrato), coa conformidade da concelleira delegada de Educación e da concelleira da Área de Goberno de Educación, nos seguintes termos:

"A Xunta de Goberno Local en sesión de 6 de outubro de 2022 acordou adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25731/332).

O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2022 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, sendo o prezo do contrato 38.240,63 euros (IVE incluído), e cunha duración de tres anos. A data de inicio da prestación é o 3 de novembro de 2022.

As instalacións que son obxecto do referido mantemento relaciónanse no Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas.

No apartado 15 das Follas de Características do Contrato (FEC) Anexo I do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares prevese a modificación do contrato:

"MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si
- B) **ASPECTOS A MODIFICAR:** o incremento ou diminución das labores mantemento
- C) **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:** o incremento ou diminución do número ascensores a manter
- D) **LIMITES DA MODIFICACIÓN:** 10% do prezo do contrato
- E) **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:** non se fixan"

Conforme ao Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas, son 21 os ascensores cuxo mantemento é obxecto deste contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Pintor Laxeiro en data 26/02/2025 solicita que o Concello se faga cargo do mantemento do ascensor do centro, instalado no colexio pola Xunta de Galicia no mes de outubro de 2024.

A instalación deste novo ascensor conleva incrementar o número de ascensores a manter.

En base ao exposto, resulta procedente a modificación do contrato ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Pintor Laxeiro o cal ten as seguintes características:

Edificio	Dirección	Tipo	Accesos	RAE	Vel. (m/s)	Prazas	Carga	Fabricante
CEIP PINTOR LAXEIRO	García Lorca, 18	1 ascensor eléctrico	3	36033569	1,0	8	630 kg	Orona

O prezo da modificación dende o mes de maio de 2025 ata a data de finalización do contrato 02 de novembro de 2025 sería de 306,86 euros (303,48 por 6 meses máis 3,38 euros por 2 días).

Este resultado obtense ao dividir o prezo do contrato (38.240,63 €) entre as anualidades (tres), o número de ascensores que eran obxecto de mantemento no momento da súa sinatura (vinte e un) e o número de mensualidades do contrato (doce), do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 50,58 euros e un prezo de mantemento diario de 1,69 euros.

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores)".

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada pola necesidade de incorporar no contrato o mantemento do ascensor do CEIP Pintor Laxeiro.

Estamos, pois, ante un suposto de modificación prevista, comprendida nos supostos contemplados no PCAP (incremento das labores de mantemento -apartado 15B das FEC) e obedece a circunstancias previstas no apartado 15C das FEC (o incremento do número de ascensores a manter).

- A modificación amplía o listado dos aparatos elevadores do Anexo 1 do PPTP para incorporar o ascensor do CEIP Pintor Laxeiro que ten as seguintes características, segundo o indicado no informe do servizo xestor:

Edificio	Dirección	Tipo	Accesos	RAE	Vel. (m/s)	Prazas	Carga	Fabricante
CEIP PINTOR LAXEIRO	García Lorca, 18	1 ascensor eléctrico	3	36033569	1,0	8	630 kg	Orona

- Supón un incremento do prezo do contrato de 306,86 euros desde o mes de maio de 2025 ata a data de finalización do contrato o 2 de novembro de 2025 que representa un 0,80%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 10%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

O prezo da modificación dende o mes de maio de 2025 ata a data de finalización do contrato 02 de novembro de 2025 sería de 306,86 euros (303,48 por 6 meses máis 3,38 euros por 2 días). Este resultado obtense ao dividir o prezo do contrato (38.240,63 €) entre as anualidades (tres), o número de ascensores que eran obxecto de mantemento no momento da súa sinatura (vinte e un) e o número de mensualidades do contrato (doce), do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 50,58 euros e un prezo de mantemento diario de 1,69 euros.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato é moi inferior a 6.000.000 euros e, en calquera caso, se trata dunha modificación prevista no PCAP. Durante o trámite de audiencia, o contratista manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 16 de abril de 2025 (documento nº 250089683). Os poderes de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

representación dos asinantes foron presentados mediante documentos nº 250093293 e 250094364 do 23 e 24 de abril, respectivamente.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o seu mantemento en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local *"Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar cas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial"*.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 306,86 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores), coa seguinte distribución de anualidades:

Ano de Aplicación	Período	Importe	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	Desde o mes de maio ata a data de finalización do contrato o 2 de novembro	306,86 euros	0,80%

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Dado que o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 207.3 LCSP). No entanto, si deberá publicarse no perfil de contratante no prazo de 5 días desde a súa aprobación, acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cun importe de adxudicación inferior aos 150.000,00 euros, non é necesario comunicar esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do importe de adxudicación IVE excluído”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 12,68 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o o contrato do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do Concello de Vigo (25.731-332), segundo o solicitado pola xefa do Servizo de Educación no informe do 27 de marzo de 2025, conformado pola concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno de Educación

Trátase dunha modificación prevista comprendida nos supostos contemplados no PCAP ("incremento das labores de mantemento -apartado 15B das FEC) e obedece ás circunstancias recollidas no apartado 15C (o incremento do número de ascensores a manter).

A modificación amplía o listado dos aparatos elevadores do Anexo 1 do PPTP para incorporar o ascensor do CEIP Pintor Laxeiro.

Supón un incremento do prezo do contrato de 306,86 euros desde o mes de maio de 2025 ata a data de finalización do contrato o 2 de novembro de 2025 que representa un 0,80%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 10%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

2º.- O importe da *modificación aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores), coa seguinte distribución de anualidades:*

<i>Ano de Aplicación</i>	<i>Período</i>	<i>Importe</i>	<i>% adxudicación do prezo do contrato</i>
<i>Ano 2025</i>	<i>Desde o mes de maio ata a data de finalización do contrato o 2 de novembro</i>	<i>306,86 euros</i>	<i>0,80%</i>

3º.- *Unha vez aprobada a modificación, o contratista, SCHINDLER, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva por importe de 12,68 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

4º.- *Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.*

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- *Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(288).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1887/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez